

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras.*

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, queda modificado como segue:

Un. Engádeselle ao artigo 21 unha nova alínea d):

«d) As variedades deberán estar inscritas no Rexistro de variedades comerciais.»

Dous. O cadro 1.A do anexo VI substitúese polo seguinte:

«A) Material parental e plantas de base.

Doenzas	Periodicidade do test en anos	
	Plantas en abrigo de corentena	Plantas en pleno campo
Tristeza	3	1
Vein-enation	3	1
Grupo psoriase e doenzas que provocan nas follas novas síntomas similares aos da psoriase (Psoriase, Ring Spot, Cristacortis, Impietratura e Cónclave Gum)	10	6
Infectious Variegation	10	6
Exocortis	3	3
Cachexia-Xiloporose	6	6
Stuborn * (Spiroplasma citri) ...	1	1
Mancha foliar dos cítricos (Citrus leaf Blotch)	10	10

* Síntomas visuais.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

5621 *REAL DECRETO 358/2006, do 24 de marzo, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á reconversión de plantacións de determinadas especies frutícolas. («BOE» 75, do 29-3-2006.)*

O cultivo de determinadas variedades e especies frutícolas en España estase vendo afectado por diversos aspectos que están proporcionando produtos que non se

adequan ao demandado no mercado, coa consecuente perda de competitividade do sector.

Neste senso, a existencia de variedades obsoletas e de especies e variedades inadaptadas á zona xustifica que se adopte unha medida de reconversión da produción de determinadas especies frutícolas. Para impulsar o seu desenvolvemento preveuse conceder unha axuda a aqueles agricultores interesados en arrincar a súa plantación e realizar unha nova con variedades ou especies máis adecuadas.

A citada axuda propónse como unha alternativa ás actuais liñas existentes, xa sexa no marco dos programas operativos definidos no Regulamento (CE) número 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, polo que se establece a organización común de mercados de froitas e hortalizas, ou pola vía de desenvolvemento rural dentro do Regulamento (CE) n.º 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural por conta do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos. Por tanto, a concesión desta axuda é incompatible coas liñas anteriores.

Co fin de cumprir os obxectivos convén precisar as condicións para a concesión da axuda, establecendo uns límites relativos á dimensión das explotacións beneficiarias e do período para a súa execución, así como determinadas características das plantacións obxecto de arrinca e das de novo cultivo.

O importe da axuda fíxose tendo en conta os custos das operacións de arrinca e plantación, e considerando o disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02).

Os interesados en acollerse a esta medida deben dirixir a súa solicitude ao órgano competente na comunidade autónoma onde radique a plantación, que será o encargado da súa tramitación, así como de realizar as comprobacións necesarias para a resolución e o pagamento da axuda.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elevará á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural a correspondente proposta de criterios para a repartición dos fondos dispoñibles entre as comunidades autónomas.

O pagamento das axudas concedidas quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea sobre compatibilidade destas co mercado común.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de marzo de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos titulares das explotacións de mazás, con excepción das mazás para sidra, peras, pexegos, nectarinas, cereixas e ameixas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a fomentar a reconversión das plantacións das ditas especies, durante o período que se inicia no ano 2006 e que terminará en 2011.

Artigo 2. *Actividades susceptibles de subvención.*

Poderán ser obxecto de subvención as seguintes actividades:

a) A arrinca e a nova plantación.

b) Os investimentos complementarios para estruturas de titoraxe para a maceira e a pereira, destinadas a favorecer e dirixir o seu desenvolvemento, e as instalacións de rega en parcelas que xa estivesen sendo cultivadas en regadío, sempre e cando se realizase a arrinca e se vaia executar unha nova plantación.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas neste real decreto os titulares das explotacións que:

a) Estean afiliados a unha organización de produtores de froitas e hortalizas (en adiante OPFH), legalmente recoñecida segundo o Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, polo que se establece a organización común de mercados de froitas e hortalizas.

b) Non estean afiliados a unha OPFH e que:

1.º Presenten un acordo de comercialización de toda a súa produción de froita durante os tres anos seguintes á percepción da axuda, cunha OPFH ou outra entidade que estea dada de alta no imposto de actividades económicas (en adiante IAE), para a actividade comercializadora. Caso de que o beneficiario non dispoña de máis froita da que procede da plantación que vai reconvertir, o dito acordo será da froita da nova plantación, durante os tres anos seguintes á entrada en produción desta, ou que

2.º Comercialicen a súa propia produción, xustificando que dispoñen de instalacións de acondicionamento da produción e que se encontran dadas de alta no IAE para a actividade comercializadora.

2. Alén diso, os ditos titulares deben acreditar a viabilidade económica da súa explotación conforme o definido no artigo 2.17 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, e a súa explotación debe cumprir as normas mínimas en materia de ambiente, nos termos recollidos no artigo 4.1.e) do citado real decreto.

Artigo 4. *Requisitos das plantacións obxecto de arrinca.*

As plantacións obxecto de arrinca deben reunir os seguintes requisitos:

a) As parcelas deben totalizar unha superficie mínima de 0,5 hectáreas e a súa identificación estará actualizada nos rexistros correspondentes.

b) Ter unha densidade mínima que en ningún caso será inferior a 360 árbores por hectárea e con máis de seis anos de idade, non presentar estado de abandono e non incluír outros cultivos asociados. No caso de plantacións ecolóxicas, a comunidade autónoma poderá permitir cultivos asociados sempre que se xustifique tecnicamente.

c) Non ter sido obxecto de axuda durante os últimos seis anos en concepto de programas que inclúan algunha das actividades que se subvencionan neste real decreto.

Artigo 5. *Solicitudes de axudas.*

1. As solicitudes de axuda dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio radique a plantación, antes do día 1 de maio de cada ano e achegarán, cando menos, o Plan de reconversión nos termos que establece o artigo 6 deste real decreto.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución non poderá exceder de seis meses, contados a partir da publicación da orde de convocatoria das axudas.

Artigo 6. *Plan de reconversión.*

1. As OPFH, así como as súas asociacións legalmente recoñecidas segundo o Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, que desexen realizar un plan de reconversión farano de forma colectiva para o conxunto dos seus socios que estean interesados.

Os agricultores non afiliados a unha OPFH presentarán o seu plan de reconversión de xeito individual.

2. Os plans de reconversión terán unha vixencia de 4 anos como máximo e, sexa cal for a súa tipoloxía, deberán conter, cando menos, a seguinte información:

a) A identificación do beneficiario ou beneficiarios do plan.

b) A superficie total que se vai reconvertir no plan.

c) Calendario previsto de execución do plan.

d) O ámbito xeográfico de aplicación do plan, con indicación dos municipios e parcelas afectadas.

e) Por cada parcela obxecto de arrinca e para a que se solicite a axuda:

1.º Especie e variedade.

2.º Identificación e superficie.

3.º Densidade expresada en número de árbores por hectárea.

f) Por cada parcela obxecto de nova plantación:

1.º Especie e variedade.

2.º Identificación e superficie.

3.º Cultivo existente no momento da solicitude.

4.º Densidade expresada en número de árbores por hectárea que se prevé alcanzar.

g) Unha xustificación técnico-económica da viabilidade do plan, con indicación, cando menos, das producións actuais e unha motivación pola cal se procede á arrinca e substitución das plantacións existentes. A dita xustificación deberá incluír un plan de comercialización no cal se xustifique que dispoñen de saídas normais no mercado para a nova produción.

3. As OPFH, as súas asociacións e os agricultores a título individual, só poderán realizar un plan de reconversión durante o período de aplicación deste real decreto.

4. Os plans de reconversión das OPFH e das súas asociacións, desenvolveranse no marco dun acordo entre os produtores participantes. Estas entidades deberán designar un representante encargado das relacións coa Administración co fin de poder realizar o seguimento pertinente do plan que se realizase.

Artigo 7. *Límite e contía da axuda estatal.*

1. A axuda concederase ata un total máximo de 12.000 hectáreas para o conxunto do período comprendido entre os anos 2006 e 2011.

2. A contía máxima da axuda será do 15 por cento do investimento subvencionable, tendo en conta que o dito investimento subvencionable non poderá exceder, por hectárea, dos seguintes importes:

a) Custos da arrinca e da nova plantación:

1.º Nova plantación de maceira, pereira, cerdeira e ameixeira: 11.000 euros.

2.º Nova plantación de pexegueiro e nectarineira: 10.000 euros.

b) Investimentos complementarios para:

1.º Estruturas de titoraxe (maceira e pereira): 2.500 euros.

2.º Instalacións de rega en parcelas que xa estivesen sendo cultivadas en regadío:

Maceira, pereira: 2.500 euros.

Pexegueiro, nectarineira, cerdeira e ameixeira: 3.000 euros.

3. A contía máxima a que fai referencia o punto 2 poderase incrementar por cada un dos conceptos seguintes:

a) En cinco puntos porcentuais no caso de que o titular da explotación reúna os requisitos para ser cualificado como agricultor profesional, conforme o define o artigo 2.5 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

b) En cinco puntos porcentuais, no caso de que a explotación do beneficiario da axuda radique en zona desfavorecida.

c) En dous puntos e medio porcentuais, no caso de que o titular da explotación reúna os requisitos para ser cualificado como agricultor mozo, conforme o define o artigo 2.7 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, e estea nos seus primeiros cinco anos de actividade.

4. A superficie subvencionable por beneficiario estará comprendida entre os límites mínimo e máximo de 0,5 e 9 hectáreas, ambos inclusive. Non obstante, deberán cumprirse os límites impostos ao volume de investimento obxecto de axuda no artigo 7.2 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

Artigo 8. *Compatibilidade da axuda.*

1. As novas plantacións que percibisen a axuda para a reconversión no marco que establece este real decreto, non poderán ser obxecto de axuda polos mesmos conceptos en virtude dos regulamentos (CE) número 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, e do 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural por conta do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos.

2. A axuda estatal concedida de acordo con este real decreto será compatible coa que poida conceder a comunidade autónoma onde radique a plantación en aplicación deste real decreto.

3. A suma das axudas concedidas por distintas administracións públicas a un mesmo beneficiario non poderá exceder do 50 por cento do investimento, no caso de que a explotación do beneficiario da axuda radique en zona desfavorecida, e do 40 por cento do investimento, se a explotación está situada noutras zonas.

No caso de que o titular da explotación reúna os requisitos para ser cualificado como agricultor mozo, conforme o define o artigo 2.7 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, e estea nos seus primeiros cinco anos de actividade, os ditos importes máximos sinalados no parágrafo anterior poderanse incrementar en cinco puntos porcentuais.

Artigo 9. *Distribución de fondos e criterio de prioridade.*

1. As comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como moi tarde o día 30 de maio de cada ano, unha vez realizadas as comprobacións oportunas de cada unha das solicitudes recibidas e aceptadas, a seguinte información:

a) A relación de solicitudes presentadas polos agricultores afiliados a unha OPFH e polos agricultores individuais, con indicación da superficie e importe e o total das superficies para as que se solicita a subvención por arrinca, coa desagregación da información que se recolle no anexo.

b) A achega financeira que ten previsto realizar a comunidade autónoma en cuxo territorio radique a plantación.

2. Coa información das ditas comunicacións, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elevará á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento

Rural, a proposta de repartición do orzamento dispoñible entre as comunidades autónomas afectadas.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirá ás comunidades autónomas as cantidades que correspondan para atender o pagamento das subvencións reguladas neste real decreto, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e conforme o establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

4. No suposto de que, cos plans de reconversión presentados en cada comunidade autónoma, se supere o orzamento asignado, esta atenderá en primeiro lugar aqueles que fosen presentados por organizacións de produtores.

Artigo 10. *Obrigas dos beneficiarios.*

Alén das obrigas indicadas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os beneficiarios destas subvencións terán as seguintes obrigas:

a) Comunicar con antelación a data en que efectuará a arrinca das plantacións.

b) Arrincar a plantación obxecto de subvención como moi tarde o 31 de marzo de 2011.

c) Destruír as árbores arrincadas co fin de evitar a propagación de pragas e enfermidades.

d) Realizar novas plantacións cunha variedade distinta á arrincada ou con outra especie das recollidas no artigo 1 desta disposición, que deberán ocupar unha superficie non inferior á arrincada e en calquera parcela da explotación, no prazo comprendido entre a notificación da concesión da axuda ao beneficiario e o 31 de marzo de 2011.

e) A nova plantación deberá:

1.º Ter unha superficie mínima por parcela de 0,5 hectáreas.

2.º Ter unha densidade igual ou superior a 600 árbores por hectárea no caso das froiteiras de carabuña e de 1.250 árbores por hectárea no caso das froiteiras de pebida. No caso de plantacións ecolóxicas, a Comunidade Autónoma poderá modificar esta densidade sempre que se xustifique tecnicamente.

3.º Ser realizada con material vexetal certificado. Cando non poida dispoñerse do dito material vexetal certificado, poderase utilizar material vexetal CAC (Conformitas Agraris Comunitatis). En ambos os casos deberá xustificarse a súa orixe co correspondente albará, pasaporte fitosanitario e factura de compra a un viveirista co título de produtor seleccionador ou multiplicador de froiteiras.

f) Manter as novas plantacións cultivadas de xeito sustentable e en condicións de obter un rendemento óptimo de cultivo, de acordo coas condicións agroclimáticas da zona onde se encontren situadas, durante un período mínimo de cinco anos a partir da súa plantación.

Artigo 11. *Xestión das subvencións.*

1. A recepción de solicitudes, a súa tramitación e resolución, o control e pagamento das axudas corresponderá aos órganos competentes da comunidade autónoma onde se sitúe a plantación susceptible de acollerse a esta axuda.

2. Na resolución de concesión das axudas pola autoridade competente da comunidade autónoma, deberá constar a contía que foi financiada por conta dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 12. *Reintegro.*

Nos supostos recollidos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, procederá o reintegro das cantidades

percibidas e dos xuros de demora desde o momento do aboamento da subvención.

Artigo 13. *Informes anuais.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán anualmente á Dirección Xeral de Agricultura unha memoria de execución da medida axustada aos obxectivos desta relativa a cada exercicio económico, como máis tarde o 31 de marzo do ano seguinte.

Na dita memoria deberanse incluír os datos a que se refire o artigo 86.2. sexta da Lei 47/2003, do 26 de novembro, e ademais:

a) A información que se detalla no artigo 9.1.a) deste real decreto, indicando o realmente executado.

b) As especies e variedades utilizadas para realizar as novas plantacións.

c) A achega financeira realizada pola dita comunidade autónoma.

Disposición adicional única. *Condición suspensiva.*

A concesión da axuda quedará condicionada á decisión positiva da Comisión Europea sobre compatibilidade destas co mercado común, de acordo co establecido no artigo 88 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. A dita condición deberá figurar nas resolucións de concesión da axuda.

Disposición transitoria primeira. *Prazos aplicables ao ano 2006.*

Para o ano 2006 amplíase o prazo de presentación de solicitudes que establece o artigo 5, ata o 15 de maio do citado ano.

A comunicación que debe realizar cada comunidade autónoma á Dirección de Agricultura, segundo establece o artigo 9.1, realizarase antes do 15 de xuño de 2006.

Disposición transitoria segunda. *Superficies arrincadas.*

Poderán acollerse ás axudas establecidas neste real decreto todas aquelas superficies arrincadas, sempre que previamente se presentase unha solicitude á autoridade competente para acollerse á axuda recollida nesta disposición e a dita autoridade o autorice, logo de inspección da existencia da plantación antes da arrinca.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

Ud.: hectáreas

PEXEGUEIRO E NECTARINEIRA A ARRINCAR														
Superficie a arrincar	Superficie a plantar													
	Maceira só plantación	Maceira con titoraxe	Maceira con rega	Maceira con titoraxe e rega	Pereira só plantación	Pereira con titoraxe	Pereira con rega	Pereira con titoraxe e rega	Cerdeira só plantación	Cerdeira con rega	Ameixeira só plantación	Ameixeira con rega	Pexegueiro e nectarineira só plantación	Pexegueiro e nectarineira con rega
Agricultor														
Agr. profesional														
Agricultor + mozo														
Agricultor profesional + mozo														
Agricultor en zona desfavorecida														
Agricultor + mozo en zona desfavorecida														
Agricultor profesional en zona desfavorecida														
Agricultor profesional + mozo en zona desfavorecida														

Ud.: miles de euros

ESPECIE	IMPORTE PREVISTO DA AXUDA
Maceira a arrincar	
Pereira a arrincar	
Cerdeira a arrincar	
Ameixeira a arrincar	
Pexegueiro e nectarineira a arrincar	